

UN ROTEIRO DE LUXO CON XURXO AYÁN VILA

O martes día cinco de maio agardábanos unha mañá moi especial. O día prometía, pois tratábase de facer un roteiro en torno á figura **de M^a Castaña** e visitar os lugares emblemáticos pola localidade de Pobra do Brollón e Cereixa.

Para isto contamos coa participación dunha xoia que ten as súas raíces neste concello: **o arqueólogo e investigador Xurxo Ayán Vila**. Tivemos pois un guía de luxo que elaborou un itinerario dirixido ao alumnado de 3^o, 4^o, 5^o e 6^o e nos embriagou de información sobre o noso patrimonio.

Esta iniciativa enmárcase dentro das actividades que estamos a realizar dende o colectivo **Lemos Le** en colaboración co **CIM de Monforte de Lemos** de coñecer cada ano unha muller da nosa zona. Este ano adícaselle a **M^a Castaña**, nada nunha parroquia deste concello, **Cereixa**, parroquia tamén **de Xurxo Ayán**. Por iso tamén nos acompañaron neste roteiro as responsables da biblioteca municipal do concello, e é un preludio dun roteiro vindeiro destinado a adultos no que tamén teremos a sorte de ter de guía a **Xurxo Ayán**.

Con estas circunstancias, non hai mellor xustificación para desenvolver un dos proxectos de traballo do noso centro en torno á Idade Media: recoller información, analizar e coñecer esta época para crear o contexto histórico e sociocultural **de M^a Castaña e de camiño o noso propio**.

Xurxo chegou ao colexio ás 9:45 horas horas. Deseguida soubemos que estabamos ante unha persoa **sinxela, humana, sensible... que transmitía coñecementos e valores...** Así enganchounos a tod@s e especialmente ao alumnado que o acompañaría toda a mañá expectante ante as súas explicacións cos seus cadernos de notas, por certo, **as libretas da Biblioteca**.

1.º parada. A FONTELA, unha casa, ubicada no alto da Pobra, a par dun camiño de entrada á localidade, hoxe pouco usado, pero naquela época “**o Camiño Real**”. A casa **Conserva un escudo** de pedra de granito traída de Incio. Os debuxos, simbolizan: **caдрados Familia Andrade, círculos familia dos Castro que casaron formaron os Condes de Lemos**. O escudo identifica a casa dos nobres, ou señor, donos das terras que á súa vez dependían dos **condes de Lemos**. Aquí aproveitou moi ben para contarlles como era a sociedade na idade media e os medios de vida.

2ª parada: unha excavación que nos permite coñecer o tipo de pedra que hai na zona alta da Pobra, rocha metamórfica, xistos e lousas... materiais que se empregan nas construcións. Máis adiante preto do río veremos outras, os coios

3º Parada: Comezando a baixar vista panorámica da localidade e ao lonxe dos Castros que rodearon esta localidade: O de Chavaga, Castroncelos, Castrosante, Ferreirúa...

4ª parada: o parque **unha pedra enorme**, Que observamos xa que é contén materiais da zona. Observan o cuarzo o xeixo que é unha pedra moi dura e ten moitos usos. Observación e diferenciación entre a parte máis recenté da Pobra e máis antiga, a par do camiño real.

5ª parada: Paseo pola beira do río. Parada donde desemboca o Rubín no Saa. Explicación das **lendas** acerca de cómo se fundou a Pobra: a das **formigas (Lenda de Miraflores), a das loitas entre as familias de dous castros:** os dos Medos e o da familia de Saa, e **a lenda dos Guímaros** que supuxo a rebelión dos campesinos da Pobra contra o pago de impostos ao conde de lemos. Explicálles tamén antes de entrar no Casco vello a versión real da fundación, **mandada construír polo rei Alfonso IX.**

Observación: como é este casco vello, ao que vamos entrar, ubicado entre os dous ríos. Ten forma **de améndoa porque a Pobra tivo**

muralla!. Un descubrimento para tod@s. A muralla tiña moitas funcións: defensa, cobrar impostos, evitar epidemias...

6ª parada: O casco vello. Explicación do material empregado para construír unha casa con materiais da zona ante unha casa en ruínas e de camiño **os medios de vida e costumes.**,

Introducímonos polo casco vello visitamos o **calexón e a praza da Condessa nomes alusivos á Condessa de Lemos.**

7ª parada: a ponte de **Santo Antón. Esta capela está nun cruce na ponte.** Explicación da capeliña, moi típicas da idade Media, nas entradas das cidades e nos cruceiros. Este é un exemplo; a xente cre neste Santo como protector das persoas e dos animais por iso está a carón **da ponte medieval.** Da ponte só se conserva unha parte dado que foi reparada con cemento. **Esta ponte era a entrada á vila da Pobra.**

8ª parada: a igrexa ubicada no alto do casco vello. Aquí houbo **outro Castro.** Observación dende este lugar da contorna próxima con altos sobre os que se asentaron diversos Castros. Esta igrexa foi construída con material de restos dun castelo e unha torre que existiron na idade media.

Esta é **unha igrexa bastante monumental,** Ten tres naves en planta de cruz latina. porque a **Pobra do Brollón** tivo unha **xurisdicción importante.** Destaca a súa Bóveda construída con materiais da zona: os coiros, xistos, e granito que inda que non é da zona é unha pedra doada de traballar.

10ª baixada da Igrexa: parada nunha casa que conserva un arco, posiblemente **a antiga casa do concello,** xa que está nunha rúa principal. **Consérvase pouca documentación do noso pobo** pois cando entraron **os franceses** arrasaron parte de Monforte e tamén da Pobra. Queimaron a casa do Concello antiga e tamén os arquivos que contillan documentación.

11ª Parada: Visita a unha pedra que se descubriu hai cinco anos aproximadamente, facendo obras nunha rúa. Estaba enterrada, ten unha inscrición na que se le: "**Año 1640. Esta ermita de la Magdalena la mandó construír Fernando Salgado capellán de los Condes de Lemos**". sobre esta pedra investigará Xurxo. De seguro que nos aporta máis historia...

12ª Falcón: Subimos ao autobús para chegar a **Cereixa** e visitar unha casa con arco así como o primeiro lugar donde se supón que **naceu Mª Castaña, Falcón**. Hai dúas teorías do lugar onde naceu: Falcón e outra que di que naceu na outra marxe do río, no barrio da **Lende**. Visitamos aquí, outra **casa con arco**, que pertenceu a unha familia pudiente, a dos Camba, que ademáis tiña capela e contounos **a historia de Mª Castaña**.

Non sabemos o lugar exacto do seu nacemento pero sí que foi en Cereixa e **que Mª Castaña**, nunha protesta contra os impostos abusivos matou un maiordomo do bispo de Lugo.

No Archivo Histórico Nacional de Madrid consérvase un **documento** que nos dí que **Mª Castaña arrepentida**, chegou a un acordo co **Bispo de Lugo, para ser perdoada, e deulle 1000 maravedís e as súas terras de Cereixa**. A partir do Século XIV Cereixa, inda que pertencía á Xurisdicción da Pobra do Brollón dependía directamente do bispo de Lugo que era o seu señor.

Aquí atopamos un veciño que nos contou unha **lenda dos mouros, a Mariquiña** que foi comida por unha moura. Despois **Xurxo** contounos unha segunda versión, na que a moura lle cortara a lingua a Mariquiña por contar que a vira.

13ª Cruzamos o río Saa por unha ponte recente na que paramos para explicarlles as canalizacións que fan as persoas para **aprofitar as augas para os muiños e para poder regar**. Tamén nos explicau **Xurxo** que os **romanos** aproveitaron as augas **deste río Saa para extraer ouro**,

sendo esta zona un lugar de moita actividade para a explotación de ouro, conservando moitos vestixios desta actividade.

14ª A Lende. Visitamos unha casa que ten outra pedra con inscrición que procede dunha capela que existiu na época medieval a **capela de San Lourenzo, no castro da Lende**, que ademais tamén recibe o nome de **Castro de San Lourenzo**. Contounos outra desas historias maravillosas que mezclan a realidade, a devoción e a lenda: Esta hermita foi construída porque nunha época de moita sequía a xente sacou a San Lourenzo, que morreu según contan, queimado, mollárono no río e entón choveu. Así fixeron a capela baixo a crenza de que San Lourenzo era bo para chamar a choiva.

Esta pedra pertenceu á porta da capela e conserva a data: **1875 e "Ave María"**, unha forma de saúdo.

Como podedes ver foi unha clase desas que nos fan sentir a todos **repletos de información e tamén de valores**. Aprendemos moito da **historia da Pobra** e a **valorar o noso pobo**. De seguro que dende este día tod@s o miramos **con máis respecto**, porque ademais de saber moito máis despois de escoitar a **Xurxo**, tamén medramos en **autoestima, no concepto de pobo con valor**.

Daremos conta do traballo que con esta rica información están a realizar os rapaces por iso non detallamos máis as paradas, nin as lendas..

Agradecer con maiúsculas a boa vontade de Xurxo que accedeu encantado á nosa proposta e manifestar dende aquí que Tod@s os que o acompañamos **esa mañá recibimos unha clase maxistral**.

Esperamos que nos visite moitas veces, e nos siga enriquecendo.

Para saber a donde vamos, é vital coñecer de donde vimos.